

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Plurilingüe de Tebra  
CURSO: 2º ciclo EI e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º EP  
MATERIA: Inglés  
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020

CENTRO: **CEIP.PLURILINGÜE DE TEBRA**  
CURSO: **EI, 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º EP**  
MATERIA: **INGLÉS**

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>1º</b>	
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.
<b>2º</b>	
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

para o alumnado, que contan con apoio visual.	
B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
3º	
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (ose deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade

e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

4º

B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias,-articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.

PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.

B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
5º	
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.-
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples e illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

6º

B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.

B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.

PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.

<p>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>
<p>B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p>	<p>PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>



<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>A avaliación do terceiro trimestre será continua e orientativa, tendo en conta a actual situación non presencial nas aulas e a dificultade por parte do alumnado para seguir a comunicación semanal por falta de recursos dixitais.</p> <p>A valoración das actividades durante o estado de alarma será sempre positiva, nunca repercutirá negativamente no alumnado.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Valoración das actividades escritas (fichas e libreta) presentadas mediante correo electrónico e a aula virtual (con excepción do alumnado imposibilitado que o fará vía Whatsapp a través dos titores).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Na cualificación final de curso o terceiro trimestre só poderá valorarse de forma positiva.</p> <p>Como a avaliación ten carácter global e continuo, priorizaranse as cualificacións da 1ª e 2ª avaliación e valorando positivamente o traballo da 3ª avaliación.</p> <p>Realizarase a media entre a 1ª e 2ª avaliación e, á puntuación resultante, poderá sumarse como máximo ata un punto, tendo en conta as actividades realizadas no terceiro trimestre de acordo coas seguintes indicacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega da metade das tarefas en prazo: +0'25</li> <li>• Entrega da metade das tarefas correctamente e en prazo: +0'50</li> <li>• Entrega de todas as tarefas en prazo: +0'75</li> <li>• Entrega de todas as tarefas correctamente e en prazo: +1</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non hai alumnado coa materia pendente do curso anterior.</li> <li>• Non hai alumnado cos dous primeiros trimestres suspensos.</li> <li>• Para os casos co primeiro trimestre suspenso e o segundo aprobado: <p>Só no caso de que a media final, coa valoración positiva da terceira avaliación xa sumada, non fose suficiente para superar a materia, enviaríase dixitalmente unha proba de recuperación do trimestre suspenso, que se remitiría por correo electrónico ou a través da aula virtual para a súa corrección.</p> </li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades do terceiro trimestre estarán centradas no repaso dos principais contidos traballados nos dous primeiros trimestres (comezando pola unidade 1 en cada nivel) e ó rematar este repaso, se é posible, faremos un visionado do vocabulario e gramática principal do terceiro trimestre (unidades 5 e 6 en 1º e 2º e unidades 7 e 8 de 3º a 6º de Educación Primaria) co obxectivo de que teñan unha idea base que se profundizará e avaliará no primeiro trimestre do próximo curso.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Para atender á diversidade teranse en conta tres factores: a natureza das tarefas, o envío das mesmas e a súa corrección.</p> <p><b>En primeiro lugar</b>, as tarefas serán variadas, combinando actividades do libro de texto, fichas (que non necesitan imprimir, pois poden copialas na libreta ou nun folio) con vídeos, cancións, xogos e outras actividades interactivas, tanto de Internet como dos seus propios libros dixitais ós que teñen acceso a través da páxina web da editorial.</p> <p>Todos os alumnos teñen o material na casa (libro e libreta) e non necesitan máis que iso para realizar as tarefas.</p> <p>No apartado de Inglés da web do centro e da aula virtual, cada tarefa subirase diariamente e estará correctamente ordenada e etiquetada por nivel e sesión, correspondendo co seu horario habitual. Para a realización e envío de cada tarefa disporán do prazo dunha semana.</p> <p>Para aquel alumnado que non conta con ordenador ou internet na casa, enviaranse cada semana tarefas que poidan facer só co libro, libreta ou, no caso de ser posible, cun móbil.</p> <p><b>En segundo lugar</b>, o envío de tarefas a este alumnado con dificultades de acceso á web ou aula virtual realizarase mediante correo electrónico ou mediante o titor, que llas fará chegar telefonicamente ou vía Whatsapp. O mesmo ocorre co alumnado con adaptación na materia, que tampouco conta con ordenador en casa.</p> <p><b>Por último</b>, a corrección de tarefas tamén se adaptará a cada caso particular, empregando o correo electrónico, Abalar, aula virtual ou telefonicamente mediante o titor, segundo sexa preciso.</p>

<b>Materiais e recursos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Para realizar as tarefas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Libro e libreta.</li> <li>• Fichas (que non necesitan imprimir, pois poden copialas na libreta ou nun folio).</li> <li>• Vídeos, cancións, xogos e outras actividades interactivas, tanto de Internet como dos seus propios libros dixitais ós que teñen acceso a través da páxina web da editorial.</li> </ul> </li> <li>2. Para o envío e corrección das tarefas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abalar.</li> <li>• Aula virtual.</li> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Whatsapp (por medio dos titores).</li> </ul> </li> </ol>
-----------------------------	---

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A comunicación co alumnado e familias levarase a cabo a través de diversos medios, segundo as posibilidades particulares de cada familia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abalar.</li> <li>• Aula virtual.</li> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Telefonicamente ou Whatsapp (por medio dos titores).</li> <li>• Páxina web do centro.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación diaria das tarefas propostas na aula virtual e na páxina web do centro (en función da preferencia de cada grupo).</li> <li>• Publicación do presente documento na páxina web do centro.</li> </ul>

## 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

<b>1. Obxectivo</b>	<p>En Educación Infantil centrarémonos no obxectivo:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Fomentar o interese e gozo ó participar en interaccións orais sinxelas na lingua estranxeira: rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación previamente traballadas e contextualizadas (cancións, rimas, dramatizacións...).</li></ul>
<b>2. Avaliación</b>	<p>Como a observación directa e sistemática constitúe nesta etapa a técnica principal do proceso de avaliación, e non é posible levala a cabo, a cualificación da terceira avaliación en cada ítem será a mellor que obtiveran entre os dous primeiros trimestres.</p>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	<p>Enviaranse tarefas semanalmente ás titoras, que as publicarán no apartado de Educación Infantil da páxina web do centro.</p> <p>As actividades consistirán no visionado de contos animados e cancións complementado con fichas lúdicas que serven de apoio á visualización, que non é preciso que envíen de volta, pero opcionalmente poden facelo a través do correo electrónico ou da titora.</p> <p>A través delas traballaremos contidos de repaso dos dous primeiros trimestres (materiais escolares, cores, números, formas, tempo atmosférico, comida, xogos, xoguetes e familia) . Os contidos do terceiro trimestre traballaranse o próximo curso.</p>
<b>4. Información e publicidade</b>	<p>A comunicación co alumnado e familias levarase a cabo a través de diversos medios, segundo as posibilidades particulares de cada familia:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Abalar.</li><li>• Correo electrónico.</li><li>• Telefonicamente ou Whatsapp (por medio dos titores).</li></ul> <p>Publicación diaria das tarefas propostas na aula virtual e na páxina web do centro (en función da preferencia de cada grupo).</p> <p>Publicación do presente documento na páxina web do centro.</p>